

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA VINTE E CINCO DE MAIO DE 2010, CON CARÁCTER
ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente acctal D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
Tenentes de Alcalde: D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
Escusa asistencia D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e cinco de maio de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente accidental don Eloy J. Iglesias López, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior


Dáse conta da acta da sesión celebrada o once de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 598/10 de don Luís Agrelo Rendo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación de vivenda, de aproximadamente 100 m² en planta, consistente en cambiar a tella existente, situada en A Lagoa, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas



de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e cinco euros con trinta e seis céntimos (#55,36#)

3º.- Acordo, se procede, sobre expediente de actividade para Hotel rústico de 1 estrela

Con data 21/07/2004 solicitouse por don Manuel García Gómez, en representación de Pazo de Canónigo de Galegos, S.L, licenza para aertura de establecemento para Casa de Turismo Rural, téndose concedido pola Xunta de Goberno Local con data 28/12/2004, e previo informe da Consellería de Medio Ambiente, licenza provisional condicionada ó cumprimento, entre outras, das observacións e medidas sinaladas no informe de medio ambiente

Téndose presentado por don Manuel García Gómez, en representación de Pazo de Canónigos de Galegos, S.L, solicitude de cambio de denominación do expediente da actividade para Hostal Rústico , para o que se presentou diversa documentación, e unha vez estudiado o asunto e tendo en conta o contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aceptar o cambio de denominación do expediente tramitado a instancias de Pazo de Canónigos de Galegos, S.L, para Hostal Rústico de 1 estrela

2º.- Que se proceda por parte dos interesados a solicitar as preceptivas visitas de comprobación e que, de ser o caso, se conceda a licenza definitiva para o funcionamento da actividade.

4º.- Acordo, se procede, sobre autorización de venda ambulante

Dáse conta da solicitude presentada por Florencia Iglesias Carbia en representación de Conxelados Veloso, S.L., para autorización de venda ambulante no termo municipal mediante vehículo.

De conformidade con Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante, correspóndelle ós municipios, con suxeición ó disposto na Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia e de acordo coas súas ordenanzas específicas, autorizar o exercicio da venda ambulante, previa solicitude do interesado, dentro do seu termo municipal.

A Xunta de Goberno acorda:

Concederlle a Conxelados Veloso, S.L. autorización para o exercicio da *venda ambulante de comercio ó por menor* no termo municipal de Vedra, mediante vehículos con matrícula 8800-CD e 0944-CD..

A autorización terá una vixencia de 1 ano dende a data de concesión debendo solicitarse a prórroga antes da finalización da súa vixencia.

Apróbase tamén a liquidación das taxas oportunas nos termos da ordenza fiscal que a regula e que figura no expediente e que ascende á cantidade de noventa e sete euros con vinte céntimos (#97,20#).



5º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación definitiva das obras do POS 2010

5.1.- *Acondicionamento de viais en Socastro, Neira de Arriba, San Fins de Sales, Buxeiros, Cubelas, O Francés e Cimadevila (código 10.2100.0240.0)*

Con data catro de maio do ano que andamos, a Xunta de Goberno adxudicou provisionalmente a favor de Obras y Viales de Galicia, S.L o contrato da obra de *Acondicionamento de viais en Socastro, Neira de Arriba, San Fins de Sales, Buxeiros, Cubelas, O Francés e Cimadevila (código 10.2100.0240.0)* no prezo de oitenta e tres mil novecentos trinta e nove euros con noventa e cinco céntimos (#83.939,95#) máis IVE (#13.430,39#), publicándose o citado acordo no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com) con data cinco de maio

Dado que o adxudicatario constituiu en prazo a garantía definitiva e presentou os documentos xustificativos esixidos, examinada a documentación, de conformidade co establecido no artigo 135.4 de la Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras consistente no *Acondicionamento de viais en Socastro, Neira de Arriba, San Fins de Sales, Buxeiros, Cubelas, O Francés e Cimadevila (código 10.2100.0240.0)*

Segundo.- Dispor o gasto con cargo á partida 453-609 do orzamento vixente de gastos

Terceiro.- Notificarlle a adxudicación definitiva ós licitadores que non resultaron adxudicatarios

Cuarto.- Notificarlle a Obras y Viales de Galicia, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato

Quinto.- Publicar a adxudicación definitiva no Perfil do Contratante


Sexto.- Formalizado o contrato o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra axustado ó Estudio de Seguridade e Saúde para a súa aprobación polo concello, previo informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de replanteo e inicio da obra

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ó Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007.

5.2- *Mellora e acondicionamento de viais municipais en Matelo, A Gándara, Socastro, Galegos, Angustín e Outeiro (código 10.2100.0241.0)*

Con data catro de maio do ano que andamos, a Xunta de Goberno adxudicou provisionalmente a favor de Obras y Viales de Galicia, S.L o contrato da obra de *Mellora e acondicionamento de viais municipais en Matelo, A Gándara, Socastro, Galegos, Angustín e Outeiro (código 10.2100.0241.0)* no prezo de setenta e tres mil cento acatorce euros con setenta e un céntimos (#73.114,71#) máis IVE (#11.698,359#), publicándose o citado acordo no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com) con data cinco de maio

Dado que o adxudicatario constituiu en prazo a garantía definitiva e presentou os documentos xustificativos esixidos, examinada a documentación, de conformidade co establecido no artigo 135.4 de la Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), a Xunta de Goberno acorda:



Primeiro.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras consistente no *Mellora e acondicionamento de vías municipais en Matelo, A Gándara, Socastro, Galegos, Angustín e Outeiro (código 10.2100.0241.0)*

Segundo.- Dispor o gasto con cargo á partida 453-609 do orzamento vixente de gastos

Terceiro.- Notificarlle a adxudicación definitiva ós licitadores que non resultaron adxudicatarios

Cuarto.- Notificarlle a Obras y Viales de Galicia, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato

Quinto.- Publicar a adxudicación definitiva no Perfil do Contratante

Sexto.- Formalizado o contrato o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra axustado ó Estudio de Seguridade e Saúde para a súa aprobación polo concello, previo informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de replanteo e inicio da obra

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ó Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007.

5.3.- *Ampliación da rede de alumeado público en Sarandón, Fornelos e Argunte (código 10.2100.0242.0)*

Con data catro de maio do ano que andamos, a Xunta de Goberno adxudicou provisionalmente a favor de Electricidad Cruceiro, S.L o contrato da obra de *Ampliación da rede de alumeado público en Sarandón, Fornelos e Argunte (código 10.2100.0242.0)* no prezo de sesenta e dous mil trescentos euros (#62.300,00#) máis IVE (#9.968,00#), publicándose o citado acordo no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com) con data cinco de maio

Dado que o adxudicatario constituiu en prazo a garantía definitiva e presentou os documentos xustificativos esixidos, e examinada a documentación, de conformidade co establecido no artigo 135.4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras consistente no *Ampliación da rede de alumeado público en Sarandón, Fornelos e Argunte (código 10.2100.0242.0)*

Segundo.- Dispor o gasto con cargo á partida 165-609 do orzamento vixente de gastos

Terceiro.- Notificarlle a adxudicación definitiva ós licitadores que non resultaron adxudicatarios

Cuarto.- Notificarlle a Electricidad Cruceiro, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato

Quinto.- Publicar a adxudicación definitiva no Perfil do Contratante

Sexto.- Formalizado o contrato o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra axustado ó Estudio de Seguridade e Saúde para a súa aprobación polo concello, previo informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de replanteo e inicio da obra

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ó Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007.



6º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Quilometraxe do Sr. Alcalde por xestións varias en abril e maio. Importe 90,30 euros

Quilometraxe do 1ª Tenente de Alcalde don Eloy J. Iglesias do mes de abril. Importe 121,38 euros

Indemnizacións e asistencias da traballadora dona Vanessa Crespo por asistencia a curso sobre alteracións catastrais e reunión informativa sobre subvención de normalización lingüística. Importe 116,76 euros

Axuda de custo e quilometraxe da funcionaria dona Mª. Teresa Amenal por asistencia a xornada sobre reforma da lei 9/20002. Importe 36,56 euros

Axuda de custo da aparelladora dona Clara Lema Rodríguez por asistencia a xornada sobre reforma da lei 9/20002. Importe 37,40 euros

Quilometraxe da aparelladora dona Clara Lema Rodríguez dos meses de marzo e abril. Importe 31,92 euros

Axudas de custo e quilometraxe da traballadora social dona Ana Mª. Aldrey por asistencia a curso sobre o menor e a súa familia: interevnción sistémica. Importe 77,49 euros

Quilometraxe da educadora familiar dona Carmen A. Sabio do mes de abril. Importe 63,94 euros

Fondo social da traballadora social dona Ana Mª. Aldrey (odontoloxía) , segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 225,00 euros

Fondo social do Sr. Secretario, don Carlos J. Méndez-Losada Abalo (seguro médico), segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 391,00 euros

Fondo social da funcionaria dona María Canedo (seguro médico) segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 391,00 euros

Fondo social da funcionaria dona Mercedes Pereiras (seguro médico) segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 391,00 euros

Fondo social da funcionaria dona Mercedes Pereiras (odontoloxía) segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 127,50 euros

Horas extraordinarias do conductor de recollida de lixo don Juan Duarte Porto no mes de abril. Importe 349,72 euros



Horas extraordinarias do operario do servizo de recollida de lixo don Jesús Fernández Pereira no mes de abril. Importe 236,60 euros

Asistencias á Mesa de Contratación das obras do POS 2010 dos seguintes Sres/Sras:

D^a. Ana-Belén Picón Cotos (vogal)..... 28,21 euros
D. Carlos Martínez Carrillo (vogal)..... 28,21 euros
D. Carlos J. Méndez - Losada (vogal)..... 28,21 euros
D^a. María Canedo de la Torre (vogal)..... 28,21 euros
D. Fernando Fay Martínez (técnico)..... 28,21 euros
D^a. Mercedes Pereiras Caldelas (Secretaria)... 37,40 euros

Factura num. 4/2010 de don José Fermín González Blanco por honorarios profesionais do mes de abril. Importe 2.436,00 euros

Factura num. 1724 de dona Guadalupe J. García Cabal por clases de manua- lidades do mes de abril. Importe 700,00 euros

Factura num. 09V8487 dos procuradores Regueiro y Piccoli, S.C por gastos do recurso contencioso-administrativo interposto por RAMSA contra acordo adopta- do por Resolución da Alcaldía de data 12/12/200/. Importe 329,44 euros

Gastos da viaxe do 1º Tenente de Alcalde don Eloy J. Iglesias a Lloret del Mar. Importe 224,21 euros

Factura num. 56 de Alfarería Agustín por agasallos para a Romaría da Ter- ceira Idade. Importe 957,00 euros

Factura num. SPA/42990/2010 de MC SPA Sociedad de Prevención, S.L por concerto prevención e vixiancia do mes de maio. Importe 359,98 euros

Facturas de TelefónicaEspaña S.A.U por servizo telefonía fixado mes de maio. Importe 1.400,68 euros

Factura num. 05/C-03/2010 de Delio Sánchez Lojo por clases de debuxo e pintura en maio. Importe 464,00 euros.

Factura num. 010439 de La Bata por vestiario para o servizo de axuda no fo- gar. Importe 316,04 euros

Factura num. 1/412 de Gestán, gestores de R.S.U y vert. Control, S.L por xestión residuos plásticos e caucho do punto limpo. Importe 262,90 euros

Cota da FEMP do ano 2010. Importe 284,82 euros

Factura num. DB/565251 da Sociedade Agrícola Gallega, S.L por herbicida para as vías municipais. Importe 1.653,15 euros



Factura num. 194 de José Manuel Segade Martínez por equipamento básico para vivenda de dona Carmen Pereira, con cargo á axuda de emerxencia social concedida. Importe 962,80 euros

Factura num. 1 de don Manuel González Cebeiro por augardente para o concello. Importe 154,00 euros

Factura num. 678/10 de Gráfica de Asturias, S.L por material de oficina. Importe 1.169,23 euros

Factura num. 69/2010 de Industrias Cotelo García, S.L por enganche para máquina. Importe 614,80 euros

Factura num. 64.224 de Recambios Santiagueses, S.L por Agip toria 185 Kg. Importe 465,28 euros

Factura num. S666229 de Ricoh España, SLU por mantemento fotocopiadora servizos sociais nos emses de marzo, abril e maio. Importe 116,56 euros

Factura num. S651772 de Ricoh España SLU por mantemento fotocopiadoras das biblioteca e casa do concello no mes de maio. Importe 281,24 euros

Factura num. 22108398 de A.C. Medin, S.A por arranxos no camión de recollida de lixo. Importe 3.358,76 euros

Factura num. 4000521283 da Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A do mes de abril. Importe 908,97 euros

Recibí de José González Nande por actuación na romaría da terceira idade. Importe 450,00 euros

Factura de Dia por acopio de alimentos para o servizo de madrugadores. Importe 40,87 euros

Recibos varios por materiais diversos para a exposición augas pintadas. Importe 49,06 euros

Recibos varios por materiais para a ludoteca municipal. Importe 90,50 euros

Factura num. S294363de Ricoh España, SLU por mantemento fotocopiadoras. Importe 279,00 euros

Factura num. 0091824232 de Siemens Rentig, S.A por alugamento fotocopiadora urbanismo no mes de abril. Importe 548,85 euros

Recibo de Catalana Occidente, S. A por seguro casa da terceira idade. Importe 235,20 euros

Gastos de aparcadoiro. Importe 2,30 euros



Facturas nums. 27 e 28 de Panadería Raviña por empanadas para teatrofilia. Importe 179,00 euros

Gastos da viaxe ás Termas de Outariz, con cargo ás achegas dos participantes. Importe 468,15 euros

Axudas de custo e quilometraxe de don Francisco J. Souto Rial por clases de tango. Importe 150,64 euros

Factura num. SPA/33184/2010 de MC SPA Sociedade de Prevención, S.L por concerto saúde. Importe 359,98 euros

Factura num. 04/C-03/2010 de Delio Sánchez Tojo por clases de debuxo e pintura en abril. Importe 464,00 euros

Axudas de custo e quilometraxe de don Marco González Britez po clases de tango en abril. Importe 220,96 euros

Factura num. 08/29 de José María Freiría Suárez por limpeza no mes de abril. Importe 3.449,55 euros

Factura num. VD 04/2010 por servizo de gardería municipal en abril. Importe 5.276,96 euros

Factura num. P 2.930 de Editorial Compostela, S.A por concerto publicidade. Importe 574,20 euros

Factura num. C 9.832 de soporte para o Museo Modesto Paz. Importe 33,50 euros

Factura num. B37 de Jesús Bouzón Alejandro por toner para a biblioteca. Importe 75,00 euros

Factura num. 26 de Grupo Acofide S.C por prestación servizo patinaxe no mes de abril. Importe 380,57 euros

Taxas de validación sanitaria para posta en funcionamento piscina municipal. Importe 16,50 euros

Factura num. 01954101 de Adif por alugamento estación de ferrocarril de Santa Cruz no mes de maio. Importe 380,63 euros

Factura num. 3010000140 de Jonh Deere por revisión tractor (2ª revisión). Importe 117,38 euros

Factura num. A00014165 de MRW do mes de abril. Importe 9,28 euros

Factura num. 94001991 de Foga por cartucho de grapas para impresora de urbanismo. Importe 76,58 euros



Factura num. 94002605 de Foga por copias da impresora de urbanismo durante os meses de marzo e abril. Importe 1.011,52 euros

Factura de Telefónica de España, S.A.U correspondente á Protección Civil en abril. Importe 80,21 euros

Factura num. CI0412831428 de Vodafone España, S.A.U por telefonía móbil en abril. Importe 13,92 euros

Factura num. IR.-2010-001492691 de Vodafone España, S.A.U por telefonía fixa en abril. Importe 88,16 euros

Factura num. 2010161 de Electricidad Cruceiro, S.L por mantemento alumeadado público en abril. Importe 2.262,06 euros

Factura num. FB/564730 de Sociedade Agrícola Gallega, S.L por herbicida para as vías municipais. Importe 1.653,15 euros

Facturas de Telefónica Móviles España, S.A do mes de abril. Importe 970,90 euros

Factura num. 10/10 de Juan Guerra Neira por comida da romaría da terceira idade. Importe 11.960,37 euros

Factura num. 10/080 de Persianas Metálicas S.C por persiana de seguridade no local de San Fins. Importe 2.552,00 euros

Factura num. 10/086 de Persianas Metálicas S.C. Por persiana de seguridade para o local de Trobe. Importe 571,53 euros

Factura num. 60 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús cos participantes na ludoteca. Importe 342,40 euros

Factura num.61 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús cos alumnos/as do programa de educación de adultos. Importe 535,00 euros

Factura num. 62 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús cos participantes na excursión a Outariz, con achegas dos participantes. Importe 321,00 euros

Factura num. 20 de Miguel Camino Bouzón do mes de abril. Importe 1.861,80 euros

Factura num. 501 de Vda. De Parada y J. Alvela, S.L por tarrinas de flores para a Romaría da Terceira Idade. Importe 75,40 euros

Factura num. 151 de Sirtelco por compra de dominio www.100anosvedraemigrante.com e outros. Importe 504,60 euros



Factura num. 1125 de Portomédica por materiais para fisioterapia. Importe 88,53 euros

Factura num. 5269265492 de Halcón Viajes por billete de avión do Tenente de Alcalde don Eloy J. Iglesias a Barcelona para visitar ós participantes na viaxe a Lloret del Mar. Importe 238,88 euros

Factura num. 10/2463 de Peycar Pontevedra, S.L por arranxo linternas de Protección Civil. Importe 686,72 euros

Factura num. 7/10 de Juan Guerra Neira por comidas da festa do viño. Importe 1.199,47 euros

Factura num. 5/10 da Fundación Refuxio de Animais pola cota correspondente ó 1º cuatrimestre do 2010. Importe 2.985,60 euros

Factura num. D/52 de Castromil, S.A por bonobús do mes de abril. Importe 65,40 euros

Factura num. 138/10 de Empresa Seoane, S.L por bonobús da 3ª idade do mes de abril. Importe 7,73 euros

Factura num. 137/10 de Empresa Seoane, S.L por bonobús do mes de abril. Importe 228,36 euros

Factura num. 4/19 de Alquimao, S.L por puntais, container e outros. Importe 531,28 euros

Factura num. A/9.796 de Marbe Hispania, S.L por materiais para o campo da festa de Trobe. Importe 1.475,11 euros

Facturas nums. 5626201068000229 e 5626201068000277 de Probisa SLU por mezcla bituminosa para becheos. Importe 4.158,94 euros

Factura num. 30 2925 de Ulla Oil, S.L por gasóleo de calefacción para a casa do concello. Importe 490,00 euros

Factura num. 30 3108 de Ulla Oil, S.L por acopio de gasóleo bonificado para os tractores municipais. Importe 1.012,90 euros

Factura num. 10/131 de Mapoca, S.L por materiais para a brigada. Importe 2.784,81 euros

Factura num. 10/139 de Mapoca, S.L por tubos para obras varias. Importe 162,98 euros

Factura num. 10/130 de Mapoca, S.L por materiais para o CPI de Vedra. Importe 851,38 euros



Factura num. 2010048 de Ferretería -Droguería Botana por materiais diversos. Importe 261,27 euros

Factura num. A414 de Mongraf por publicidade na revista FGP Campionato de España de Pesa. Importe 150,00 euros

Factura num. A/13 de María Isabel Casal Devesa por pinchos servidos con motivo da exposición pictórica no Museo Modesto Paz Camps. Importe 192,60 euros

Factura num. 2010/283 de Señalizaciones D.L.C, S.L por cartel de licenza de obra de particular, a repercutirle ó promotor. Importe 85,21 euros

Factura num. 371 de Socyser por servizo de axuda no fogar no mes de abril. Importe 1.061,66 euros

Factura num. 2010/1128 de Sogama por tratamento dos residuos sólidos de Vedra do mes de abril. Importe 7.188,19 euros

Factura num. 10-422 de Sapa Cont. y Serv. S.L por retirada de materiais do punto limpo. Importe 1.148,67 euros

Factura num. 300.329 de Artes Gráficas Litonor S.A por vinilos para a festa da moto, festa da orella e festa da augardente. Importe 31,32 euros

Factura num. 300.330 de Artes Gráficas Litonor S.A por tarxetón, pegatinas e outros para festa do viño. Importe 95,12 euros

Factura num. 300.397 de Artes Gráficas Litonor, S.A por dípticos, carteis e outros para teatrofilia. Importe 948,88 euros

Factura num. 300.409 de Artes Gráficas Litonor, S.A por catálogos da exposición de pintura. Importe 600,00 euros

Factura num. 300.414 de Artes Gráficas Litonor, S.A por boletín do mes de maio. Importe 841,00 euros

Factura num. 300.415 de Artes Gráficas Litonor, S.A por lonas para o banco de tempo e escola de inglés. Importe 83,52 euros

Factura num. 300.422 de Artes Gráficas Litonor S.A por carteis e trípticos para a exposición de pintura. Importe 322,19 euros

Liquidación 81 do Consorcio Galego por achega económica municipal do servizo xanta na casa no 1º trimestre do ano. Importe 932,40 euros

Factura num.P10/5394 de La Voz de Galicia, S.A por publicación anuncios de expedientes de Centro municipal polivalente e ampliación do cemiterio de San Mamede no xornal. Importe 278,40 euros



Factura num. 010000496 de Puente Ulla, S.L por gasóleo bonificado para os tractores municipais. Importe 87,20 euros

Facturas de Puente Ulla S.L por carburantes para os vehículos municipais en abril. Importe 1.435,17 euros

Factura num. F-003/2010 de Severo Carrillo -Super o Mellor por garrafas de auga para as escolas. Importe 138,60 euros

Factura num. 11/2100278 de Coregal para recollida e xestión de residuos de cartón. Importe 32,10 euros

Factura num. 1885 de Asvetrans, S.Coop. Galega por viaxes de Probisa a Vedra para transporte de mezcla bituminosa. Importe 150,80 euros

Factura num. 1886 de Asvetrans, S.Coop. Galega por viaxes de áridos para obras municipais. Importe 638,00 euros

Factura num. 202 de José Manuel Segade Martínez por tellado para barbacoa de San Xián. Importe 1.582,24 euros

Factura num. 201 de José Manuel Segade Martínez por armarios escenario da casa de cultura de San Xián. Impote 428,04 euros

Factura num. 199 de José Manuel Segade Martínez por portas para o local de San Fins. Importe 4.179,48 euros

Factura num. 198 de José Manuel Segade Martínez por traballos na gardería. Importe 1.856,00 euros

Factura num. 197 de José Manuel Segade Martínez por traslado e montaxe de mobles na cada do antigo xulgado e outros . Importe 295,80 euros

Facturas nums. 0226/E10, 0225/E10, 0210/E10 e 0224/E10 por repostos e arranxos na maquinaria municipal no mes de abril. Importe 7.009,79 euros

Factura num. 11004-59 de Grupo el Progreso por reportaxes das festas do viño, augardente e orella. Importe 580,00 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

7.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dez de maio do ano que andamos, pola que se modifica a solicitude de subvención presentada ó abeiro da Orde do 17 de marzo de 2010, pola que se establecen as bases e se convocan , en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o cofinanciamento do Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia (DOG num. 25/10, do 25 de marzo)

A Xunta de Goberno dáse por enterada



7.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data doce de maio do ano que andamos, pola que se acorda solicitar á entidade financeira Banco Gallego a renovación da póliza de crédito núm. 1717 por importe de trinta mil (#30.000,00#) euros nas mellores condicións

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data doce de maio do ano que andamos, pola que de cara á tramitación do correspondente expediente de endebedamento, ordenase a solicitude de ofertas ás entidades nas que o concello é titular de contas bancarias para a contratación do préstamo necesario para o financiamento de investimentos previstos no orzamento por importe de cento sesenta mil (#160.000,00#) euros

A Xunta de Goberno dáse por enterada

8º.- Outros asuntos

Non se presentaron

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e dez minutos

